

DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS ENTRE O ALUMNADO DO CENTRO 2021-22

COMPROBACIÓN DE DATOS

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar.
- b) DNI ou NIE da persoa representante do/da solicitante.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- c) Certificado do grao de discapacidade da persoa solicitante ou do resto dos membros computables da unidade familiar expedido pola Administración autonómica.
- d) Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ou 33 %), da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar.

En ambos os casos, a data de referencia é o 31 de decembro de 2019.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

2. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para consultar:

- a) Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou, na falta desta, o certificado tributario de imputacións no exercicio 2019, da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.